

**ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020**

CENTRO: C.P.I. "José García García"
CURSO: 4º E.S.O.
MATERIA: Francés LE-2
PROFESORA: María Concepción GUERRA
DATA: 9.V.2020

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias

imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

(recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso

ampliación)

4. Información e publicidade.

<p align="center">ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020</p>		<p>CENTRO: CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA CURSO: MATERIA:</p>
<p align="center">1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</p>		
<p align="center">CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>	<p align="center">ESTANDARES DE APRENDIZAXE</p>	
<p>Bloque 1. Comprensión de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. ▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe 	<p>SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe. 	
<p>Bloque 2. Producción de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela. ▪ B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito. 	<p>SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita</p>	
<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar</p>	<p>B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiás, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.</p>	

<p>B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.
<p>Bloque 4: Producción de textos escritos</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto ▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.
<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. ▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente

discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente	
--	--

2. Avaliación e cualificación

AVALIACIÓN	<p>Procedementos: A Avaliación será continúa e para determinar a cualificación dun alumno térae en conta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">-Avaliación Inicial-Probas obxectivas: cuestionarios e enquisas avaliadoras de aspectos conceptuais que suporán un 80% da nota. Queda a valoración do profesor responsable a posibilidade de facer media para este % aquelas probas escritas avaliadas con menos dun 3, puidendo ser automaticamente causa da non superación da materia.No caso de valores asimétricos nalgũa proba, pola especial importancia dos contidos a tratar, esto será avisado previamente ao alumnado-Os traballos de elaboración individual ou de grupo, avaliadores de aspectos procedimentais xunto coa guía de observación de traballo en clase e os aspectos actitudinais suporán un 20% restante da nota de cada avaliación-A nota da avaliación é a suma dos valores anteriores.O profesor pode baixar ate un punto esta nota por faltas graves de comportamento ou atitude-A non presentación da libreta coas actividades nas datas fixadas, ou os traballos encomendados significará unha redución na nota. <p>O alumnado pillado polo profesor copiando supón un suspenso nesa avaliación</p> <ul style="list-style-type: none">-Realizarase como mínimo unha proba de recuperación ao longo do curso, confeccionada de maneira moi similar ao resto das probas do curso pero elaborada con contidos mínimos-A finais de xuño aqueles/as alumnos/as cos materia suspensa realizarán unha proba escrita,máis a presentación da libreta e as actividades feitas ao longo do curso. Pódese substituído por un dossier de exercicios que teñen que ser entregados e estar correctos (nestas especiais circunstancias deste curso 19/20 sería o máis aconsellable)-O alumnado que non supere a proba en xuño, poderá facelo en setembro cos contidos mínimos e do mesmo xeito, quizáis unha batería de actividades entregadas e correctas sería a mellor fórmula
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">-Avaliación inicial (cunha control para comprobar o estadio no que se atopa o alumnado trala época estival)-Probas obxectivas, cuestionarios, multiple-choice, enquisas avaliadoras de aspectos conceptuais-Probas de competencias-Traballos de elaboración individual ou de grupo-Guía de observación do traballo e das intervencións e expresións na clase (caderno de bitácora)-Aspectos actitudinais-Libreta de francés (cahier de bord)-Probas de recuperación escrita-Proba final escrita e oral-Probas extraordinarias ou dossiers a entregar para avaliar (aconsellable neste curso 2019/20)-Elaboración e defensa dun proxecto-Consignar no Libro de Actas como se avanza durante cada trimestre, e medidas de corrección en cada momento
CUALIFICACIÓN FINAL	<p>A cualificación final virá dada polas notas acadadas nos dous pasados trimestres (Primeiro e Segundo Trimestre onde as clases desenroláronse de feito presencial) e dos que dispoñemos de datos fehacientes.</p> <p>A estos datos engadiremos todo o traballo realizado polo alumnado e do que temos unha constancia puntual a través da aula virtual e do correo.Unha media aritmética dos resultados</p>

	<p>obtidos máis o traballo e interese como temos sinalado nos Procedementos nos que aparecen os tantos por centos.</p> <p>Sempre favorecendo ao alumnado, tendo en conta estas especiais circunstancias, a adaptación das primeiras semanas, tanto no tema informático, presencial, emocional, familiar, etc.</p> <p>obtidos máis o traballo e interese como temos sinalado nos Procedementos anteriormente</p>
--	---

Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non supere as probas durante o curso cando chegue o mes de xuño, poderá facer se as circunstancias o permiten, unha proba escrita cos contidos mínimos e do mesmo xeito que adoitaban ser as probas as que o alumnado estaba afeito ao longo do curso

Dadas as especiais circunstancias que estamos a vivir, poderíase propor ao alumnado un dossier de actividades entregadas e correctas e/ou traballo a desenrolar e que entregarían e que cos datos recollidos no caderno de bitácora do profesor, establecería a nota final e que podería ser unha boa fórmula alternativa chegado o caso.

Alumnado coa materia pendente

-Criterios de avaliación

-Empregaranse en todo momento probas obxectivas do mesmo xeito as que o alumnado está acostumado ao longo do curso. Poden ser de exposición, de V/F, de elección múltiple, etc.

-O alumnado coñecera a cuantificación por proba e por pregunta

-Considerarase aprobado aquel alumno/a que acade un 5 sobre 10 da proba escrita correspondente

-Criterios de cualificación

-O alumnado será informado previamente da puntuación de cada pregunta do examen

-Calificarase sobre 10 o conxunto total da proba. Acadado un 5 considerárase aprobado

-Apreciarase unha correcta grafía, ortografía e presentación

-Procedementos e instrumentos

-Probas obxectivas

-Similares as realizadas durante o curso

-O alumnado que xa teña recuperado durante o curso algunha parte da materia, gardarase esta nota

-Como non se poderá realizar presencialmente a convocatoria extraordinaria de maio, pode ser substituída por un traballo ou dossier de actividades presentadas e correctas. A media de todas estas probas favorablemente realizadas, darán o aprobado na materia, ou o suspenso no caso contrario.

<h3>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</h3>	
Actividades	A materia de Francés é unha asignatura eminentemente práctica. A través de exposicións onde o alumnado fai de relator e de auditorio en determinados momentos.

	<p>Ao longo do curso atoparémolos alumnado que teñen problemas para seguir a materia, e algúns deles poden ter problemas para superar o curso ao seu remate. Nestas especiais circunstancias débemolo ter moi en conta. Tanto puntualmente como acaece neste curso 2019/2020 coma durante os trimestres pasados e este que estamos a desenrolar, o profesor ten que estar atento a todo tipo de alumnado. Temos que propor actividades de recuperación puntuais ao longo do curso en canto se detecten dificultades. Invítase ao alumnado a expresar as súas dúbidas e os seus atrancos con liberdade. Se son moi concretas dirixirémolos directamente ao alumno/a implicado/a e daráselle as explicacións e actividades diversas de reforzo: propoñemos textos axeitados, comprensións orais e escritas, profundización do seu acervo cultural con lectura de oradores de épocas clásicas e contemporáneas (adaptados ao seu nivel sempre) coma pode ser o mundo da publicidade. Será unha maneira de repasar, revisar, afianzar, e asumir aspectos que serán progresivamente superados por calquer alumno/a en dificultad.</p> <p>Para o alumnado que segue ben ou nun nivel superior á clase, propoñeremos lecturas clásicas, textos máis modernos, visualización de discursos, e preparación dun tema que terán que investigar, deseñar, redactar e explicar diante da clase e mesmo noutras circunstancias coma coincidindo co día do Libro, día da Paz e outras especiais circunstancias nas que estarán diante de toda a comunidade educativa, mesmo as familias.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p> <p>(Podemos afirmar a maio de 2020 e cos datos que dispoñemos no centro que todo o alumnado a quen impartimos clase de Francés ten algún tipo de conectividade nestos momentos sen problema)</p>	<ul style="list-style-type: none"> -A Metodoloxía será activa e participativa, ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual coma colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente a relacionada co coñecemento da interacción co mundo físico. -A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, resolvendo actividades, comprendendo a finalidade do que estamos a realizar. <ul style="list-style-type: none"> -Dado que o alumnado están nun proceso de madurez en plena adolescencia, aproveitamos que xa teñen máis e máis capacidade de asumir roles (diferentes roles, temáticas e actitudes no seu papel de oradores) para deseñar unha metodoloxía para os cursos vindeiros. -Trataremos de conseguir unha aprendizaxe significativa, relevante e funcional, de forma que os coñecementos poidan ser aplicados polo alumnado para o entendemento do seu entorno. <ul style="list-style-type: none"> -Promoveremos unha aprendizaxe constructiva de forma que os contidos e as aprendizaxes sexan consecuencia doutros. Trataremos temas básicos, adecuados ás posibilidades cognitivas individuais do alumnado, á súa idade en 1ºESO entre 11 e 13 anos e a un entorno do centro que está entre o entorno rural e perto dunha cidade coma Ourense. -Favoreceremos o traballo individual nas exposicións dun tema diante dunha "audiencia" e tamén a cooperación noutros momentos. -Favoreceremos métodos de investigación sobre un centro de interés. -Xeraranse escenarios atractivos e motivadores. Faremos unha posta en escena cun atril para as exposicións, pensando que o espazo condiciona humores e actitudes. -Propoñer actividades prácticas, expresarse en público con exposicións, debates, lecturas. -Combinaremos os contidos presentados positivamente mediante revisións de tanto en vez con cadros explicativos, exemplos, relación imaxe e contexto con textos.
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Dispoñer dunha aula exclusiva -Apuntamentos e libreta -Material audiovisual, documentais, vídeos con discursos relevantes, métodos de respiración, posta en escena, etc. -Medios informáticos -Libros e revistas culturais adaptadas ao nivel de 1ºESO -Calquera outro documento que aporte o profesor (xogos de interacción, xogos de sociedade relacionados cos gramática ou civilización, carteis, ...) -Saída a algunha exposición relacionada coa civilización francesa: pintura, Historia, algún relator que trate algún tema francófono... -Teatro (normalmente facemos 3 saídas ao teatro para ver tres obras francesas que se representan na nosa cidade adaptadas lóxicamente para as idades do alumnado e para o seu nivel: normalmente ca

fórmula: textos en francés con algunha intervención en castelán para axudar a seguir a obra), cine francés, etc

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

- Dispoñer dunha aula exclusiva
- Apuntamentos e libreta
- Material audiovisual, documentais, vídeos con discursos relevantes, métodos de respiración, posta en escea,etc
- Medios informáticos
- Libros e revistas culturais adaptadas ao nivel de 1ºESO
- Calquera outro documento que aporte o profesor (xogos de interacción,xogos de sociedade relacionados cos gramática ou civilización, carteis,...)
- Saída a algunha exposición relacionada a civilización francesa:pintura, Historia, algún relator que trate algún tema francófono...

-Teatro (normalmente facemos 3 saídas ao teatro para ver tres obras francesas que se representan na nosa cidade adaptadas loxicamente para as idades do alumnado e para o seu nivel: normalmente ca fórmula: textos en francés con algunha intervención en castelán para axudar a seguir a obra), cine francés, etc

Publicidade

A interacción entre o centro e o alumnado e entre o profesorado e o alumnado e sempre moi cercana e fluida.

Nestas especiais circunstancias e trala solución de certos problemas de conectividade nos primeiros momentos de estado de alarma que foi unha circunstancia impredecible, esta profesora e o seu alumnado teñen estado en contacto ao mesmo tempo que coas súas familias.

- Na web do centro
- No meu blog: "vivelebleu"(Le français au jour le jour)
- A través do correo electrónico
- Na aula virtual
- A través do equipo directivo
- Por mediación do Departamento de Orientación
- Por correo escrito as súas casas
- Por chamadas telefónicas
- Polos vídeos feitos polo profesorado, equipo de Normalización, biblioteca, Anpa, etc

Mesmo se perdemos o aspecto presencial e directo, o contacto humano e emocional téñese mantido co alumnado e as súas familias